

Prezadas amigas e amigos,

En calidade de edil de Promoción Económica do Concello de Narón, quero anunciarvos que imos desenvolver unha serie de iniciativas relacionadas co sector da hostalería que cremos poden ser do voso interese.

Trátase, en concreto, de dúas actividades:

A primeira está estreitamente relacionada coa campaña "100.000 motivos de peso", unha idea que parte do centro de saúde de Narón e na que está activamente implicado o Concello de Narón. Ademais doutras actividades que están a desenvolver outras áreas, a nosa intención é crear o que damos en chamar "**Menús ártabros**", é dicir, que inclúades nas vosas cartas/oferta algún menú ou prato que siga esas directrices do que se vén chamando "dieta atlántica". Sabemos que a meirande parte xa o facedes; a nosa idea é aportar unha imaxe recoñecible entre os establecementos do concello que vos sumedes á iniciativa. Para tal fin organizaremos un obradoiro cun recoñecido cociñeiro e mais cun nutricionista o martes 26 de xuño no Centro de Formación da Gándara, en horario de tarde para facilitar ne medida do posible a vosa asistencia. A data límite de inscrición remata o 22 de xuño. A idea é que estes menús/creacións/pratos teña unha duración indefinida, é dicir, que poidan formar parte da vosa oferta a longo prazo.

A segunda ten que ver cunha iniciativa novidosa: a **Semana do Marisco da Ría**. Temos, como sabedes, unha ría moi rica en especies comerciais de gran calidade. A entrada en funcionamento da EDAR está a dar os seus froitos e pouco a pouco poderemos recuperar a riqueza marisqueira que fomos perdendo despois de décadas de verteduras. Logo de analizar as posibilidades en dúas xuntanzas sectoriais, decidimos celebrala entre o 19 e o 29 de xullo. Neses días, os establecementos adheridos deberán ofrecer algunha creación ou prato con algún destes produtos: **a mincha, a zamburiña, a ameixa rubia, o carneiro e a ostra**. Son mariscos de gran tradición nesta zona e que poden posicionar como referencia aos establecementos, pois non hai evento na contorna que a día de hoxe o estea a facer.

Do mesmo xeito, e co obxectivo de contribuír na medida das nosas posibilidades á mellora da formación práctica, organizaremos o 10 de xullo un novo obradoiro a cargo dun cociñeiro de renome para explicar novas formas de preparación e presentación destes mariscos, así como algunhas pautas para unha mellor conservación. A data límite para vos apuntar é o día 5 de xullo.

Para confirmar a vosa participación nestas iniciativas ou resolver dúbidas, pomos á vosa disposición distintas canles: o teléfono **607 082 232** e o correo electrónico [narongastronomico@naron.es](mailto:narongastronomico@naron.es).

Agradecendo unha vez máis a vosa colaboración, recibide un cordial saúdo.

Narón, 11 de xuño de 2018

**Pablo Villamar**  
Concelleiro de Promoción Económica